

ACTA DO CONSELLO DE GOBERNO DO 3 DE ABRIL DE 2018

Logo de comprobar a existencia de quórum, ás 09:43 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico, don Julio Abalde Alonso, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**.

1. Informe do reitor

Toma a palabra o **reitor** para informar da creación do CEIPAC no edificio Fontán da Cidade da Cultura. Será un centro interuniversitaria do SUG que terá por obxecto traballar en paisaxe, cultura e economía circular arredor do Camiño de Santiago. Os fondos provirán da Xunta e do MINECO. Enviaráselles aos investigadores principais dos grupos de investigación da UDC unha declaración de intencións por se queren formar parte del.

Dá conta tamén do relevo da adxunta de Cultura da Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria, Mercedes Regueiro Diehl que foi substituída por Araceli Serantes Pazos. Agradécelle o traballo realizado á primeira e dálle a benvinda á segunda.

A seguir, o **vice-reitor de Política Científica, Investigación e Transferencia Salvador Naya** informa dos seguintes asuntos:

- Solicitud de convocatoria dos Interreg-Poctep 2018. Presentáronse un total de 19 propostas con presenza da UDC, das cales seis son propostas institucionais (delas, 1 como coordinador), cun importe de subvención solicitado pola UDC de 1 124 172 euros; outras trece propostas con participación de investigadores da UDC (delas, 2 como coordinadores), cun importe de subvención solicitado para a UDC de 2 113 883 euros. O vicerreitor deulle os parabéns expresamente á OTRI, en especial a Valérie, Octavio e Xosé Manuel polo grande esforzo e traballo realizado nestes días para revisar os orzamentos de todas as propostas presentadas.
- Fase I do Starting Grant: pasou a primeira fase na última convocatoria H2020, na modalidade Starting Grant, a investigadora Intalent da UDC Helena Pazos. Agora ten pendente a presentación da segunda fase para o que xa conta co apoio da OTRI para a preparar. Hai que lembrar que polo feito de que pasase esta primeira fase xa sería beneficiaria dunha axuda da Xunta de Galicia do proxecto Oportunus.
- CyberCoruña 2018: informa tamén das xornadas CyberCoruña, que se realizarán o 5 e 6 de abril, o xoves 5 no CITIC e o venres 6 no salón de actos da Facultade de Informática. Con estas xornadas preténdese achegar a todos os actores do sector, así como dar a coñecer a aposta da UDC por unha formación e investigación aplicada en ciberseguranza que van experimentar no futuro unha eclosión de oportunidades de emprego, negocio e emprendemento. CyberCoruña ofrecerá nestas xornadas a visión dos principais actores no ámbito da ciberseguranza a nivel europeo no relativo a formación, investigación e recursos humanos altamente cualificados ben como as oportunidades de desenvolvemento e innovación nos programas europeos máis competitivos. Quedan invitadas a participar nestas xornadas as persoas interesadas neste ámbito.

De por parte, o **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** informou do seguinte:

- O día 27/02/2018 autorizouse o axuste na data de finalización do cambio de dedicación dun profesor contrato interino de substitución do Departamento de Letras, que fora aprobada no Consello de Goberno do 31/01/2018, ao non se poder formalizar o día 1/02/2018 e co fin de que a duración do cambio de dedicación sexa de 6 meses como se aprobara no indicado Consello de Goberno.
- O 28/02/2018 autorizouse a integración no corpo de titulares de universidade dun profesor titular de escola universitaria da área de coñecemento de Tecnoloxía Electrónica ao acadar a acreditación correspondente.
- O 13/03/2018 autorizouse o mantemento do contrato dun interino de substitución que viña substituindo un permiso por nacemento no Departamento de Computación, co fin de facer fronte á docencia que estaba sen cubrir debido á autorización dunha licenza sen soldo nese departamento. Este contrato finaliza sen posibilidade de prórroga o 31/08/2018.
- O 16/03/2018 recibíuse da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos a autorización da oferta de emprego público do ano 2018. Remitiuse o correspondente anuncio ao DOG, o cal sairá publicado o día 2/04/2018.
- O 20/03/2018 foi autorizado un cambio de dedicación dunha interina de substitución do Departamento de Computación co fin de facer fronte á baixa por IT e ao posterior permiso por parto dunha profesora dese departamento. Mantense a data de finalización do contrato marcada na convocatoria da praza da persoa que cambia de dedicación (24/07/2018).
- O 22/03/2018 autorizouse a contratación por lista de agarda dun profesor ou profesora con contrato interino de substitución a tempo completo no Departamento de Economía Aplicada, debido ao falecemento dun profesor dese departamento.
- O 26/03/2018 foi publicada a relación provisional de prelación da área de coñecemento para a convocatoria das prazas de catedrático/a de universidade e titular de universidade incluídas na OEP do ano 2018. A prelación definitiva publicarase probablemente a finais desta semana.
- O 26/03/2018, como resultado da publicación da OEP no DOG e en aplicación do acordo do Consello de Goberno do 28/05/2015, de promoción do profesorado axudante doutor/a, e do acordo do 27/04/2018 (modificado o 28/02/2018), de criterios para o desenvolvemento das OEP, autorizouse a transformación dos contratos dos/as 9 axudantes doutores/as que rematan no ano 2018 en contratados/as doutores/as interinos/as desde a finalización dos seus contratos actuais e ata a resolución das prazas.
- O 23/03/2018 a COAP autorizou a concesión de *venia docendi* a dous profesores da EU de Enfermaría que contaban co informe favorable do Departamento de Ciencias da Saúde.
- E, finalmente, o día 23/03/2018 a COAP acordou remitirle ao Consello Social a proposta de asignación do complemento autonómico de excelencia curricular correspondente á convocatoria do 2016 a dous profesores tras remitir a ACSUG a correspondente avaliación.

Neste punto, o vicerreitor solicita autorización para remitir tamén a asignación de complementos autonómicos á excelencia curricular, que foron resoltos pola ACSUG tras recursos de reposición e comunicados con posterioridade á data de reunión da COAP.

A **vice-reitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria, Margarita Amor López** informou, en primeiro lugar, de que na Comisión de Extensión Universitaria do 16 de marzo se autorizou o curso de extensión universitaria Prevención de Riscos Laborais e Medio Ambiente presentado polo Departamento de Enxeñaría Naval e Industrial e dirixido por José Ángel Fraguela Formoso.

Informou tamén da publicación da resolución da axudas a programas de actividades estudiantís e de que a Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física acolleu nas súas instalacións do campus de Bastiagueiro os XXI Campionatos Galegos Universitarios de Deportes Colectivos que organizou a Área de Deportes da Universidade da Coruña. Neste certame a UDC acadou un total de seis vitorias nas modalidades de baloncesto masculino, fútbol 7 feminino, fútbol sala feminino, voleibol feminino e rugby 7 masculino e feminino. Estes campionatos autonómicos son o primeiro paso de clasificación para a participación nos Campionatos de España Universitarios que terán lugar durante os meses de abril e maio xunto co resto de universidades españolas clasificadas para as fases finais.

Finalmente, agradeceu o labor e a colaboración prestada nestes dous anos e tres meses de Mercedes Regueiro como adxunta de cultura. Tamén lle deu a benvida a Araceli como nova adxunta de Cultura.

A seguir, a **vice-reitora de Internacionalización e Cooperación M^a Pilar García de la Torre** informou dos seguintes asuntos:

- A UDC acolleu unha *Staff Week* de persoal docente e de administración e servizos da Universidade Estatal de Georgia que tivo lugar entre o 26 de febreiro e o 2 de marzo.
- O 9 de marzo asinouse un convenio con Brainport Development, organización de desenvolvemento económico rexional en Holanda que traballa coa industria, con institucións educativas e gobernamentais para que o noso alumnado faga prácticas dentro do marco do programa Erasmus nesa rexión.
- O día 14 de marzo publicouse a convocatoria de profesorado visitante procedente de países de fala inglesa. Esta é unha iniciativa encadrada dentro das políticas de desenvolvemento e reforzo da utilización da lingua inglesa no ensino universitario e ten por obxecto favorecer a internacionalización dentro da propia universidade, así como contribuír á formación lingüística e metodolóxica do profesorado propio participante nos programas de docencia en inglés.
- O pasado 23 de marzo publicouse a Quinta Convocatoria de Acción de Educación para o Desenvolvemento, Sensibilización e Participación Social. O obxectivo da presente convocatoria é apoiar actividades desenvolvidas pola comunidade universitaria que impulsen valores de cidadanía global na universidade, dun modelo humano comprometido coa consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible, con respecto á diversidade cultural, que se comprometa coa erradicación da pobreza e as desigualdades, que defenda os dereitos humanos, a igualdade de xénero, e que favorezan o coñecemento da Axenda 2030 na comunidade universitaria da UDC.
- A través da Oficina de Cooperación e Voluntariado a universidade participou no Primeiro Foro Internacional Universitario, celebrado en Santiago de Compostela, organizado polo Grupo Compostela. O tema deste Foro foi «O valor dos dereitos humanos no Camiño de Santiago: potenciando o poder do turismo para promover o diálogo intercultural e a consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible». Nesta actividade participaron catro estudantes e un profesor da UDC.

A **vice-reitora do Oferta Académica e Innovación Docente Nancy Vázquez Veiga**, informou dos seguintes asuntos:

- O *Boletín Oficial do Estado* publicou o 13 de marzo a Resolución da Secretaría Xeral de Universidades do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte a partir da cal se establece o procedemento para a acreditación institucional de centros universitarios. A partir do Real decreto 420/2015, do 29 de maio, de creación, recoñecemento, autorización e acreditación de universidades e centros universitarios, introdúcese a figura da acreditación institucional de centros, de universidades públicas e privadas como alternativa ao modelo de acreditación de títulos universitarios oficiais regulado no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais. O real decreto máis recente regula todo canto ten que ver coa solicitude da acreditación institucional, os requisitos que os centros universitarios teñen que cumprir para a súa obtención, así como o seu período de vixencia, que se estableceu en cinco anos. Así mesmo, regula o prazo e o procedemento de renovación da acreditación institucional, que se deberá levar a efecto antes do transcurso de cinco anos, contados desde a data de obtención da primeira resolución de acreditación –ou seguintes– do Consello de Universidades. As universidades cuxos centros obtivesen a acreditación institucional poderán renovar a acreditación das titulacións oficiais que impartan –mentres manteñan os seus efectos– sen necesidade de se someter ao procedemento ordinario de verificación das titulacións universitarias. Para estes efectos, as titulacións oficiais da universidade correspondentes ao centro acreditado incorporarán como data de renovación da acreditación no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos, a correspondente á resolución de acreditación institucional do Consello de Universidades. O pasado 20 de marzo fomos convocados a unha reunión na ANECA para falarmos deste tema. Causou bastante sorpresa o feito de que finalmente só poidan ir á acreditación institucional os centros que teñan a metade dos títulos de grao e a metade dos títulos de mestrado acreditados. Nos borradores que se manexaron anteriormente falábase da metade dos títulos. Lamentamos non poder informar sobre esta acreditación con máis detalle aos responsables de calidade dos distintos centros. A tardanza da publicación da resolución por parte do Ministerio e a falta de respostas claras por parte da ACSUG impedíronnos xestionar cunha maior eficacia este proceso.

Hai tres facultades que se van someter a seguimento institucional: Ciencias, Ciencias da Saúde e Informática.

- Os días 19 e 20 de marzo realizouse en Ferrol, na Escola Universitaria Politécnica, un seminario sobre formación dual universitaria, organizado por esta vice-reitoría e o Campus Industrial de Ferrol. O primeiro día estiveron convidados expertos nacionais e internacionais neste tipo de ensino: Josu Galarza, responsable de títulos duais e relación coas empresas na Escola Politécnica Superior da Universidade de Mondragón; Anika Jansen, experta alemá en formación dual, e Ferrán Badía, vicerreitor de Planificación, Innovación e Empresa da Universidade de Lleida. O segundo día realizouse unha mesa redonda para avaliar as necesidades da posta en marcha do Grao Dual de Enxeñaría Eléctrica, que contou con representantes institucionais: a subdirectora xeral de Formación Profesional, o director da ACSUG e a directora da Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo. O resultado foi moi positivo.

Mañá dará comezo o Programa de formación universitaria para maiores de 50 anos na Costa da Morte. Tivemos que aumentar o número de prazas porque a demanda foi considerablemente superior á oferta.

O **vice-reitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade Domingo Calvo**, trasladou ao Consello as seguintes informacións:

- Logo de presentar no mes de xaneiro as alegacións para o IVE de investigación do ano 2016, no mes de abril agardamos recibir a resposta da Axencia Tributaria e en consecuencia a cantidade que se pode recuperar por esta vía.
- Xa se está a realizar a valoración de bens inmoables na Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física e continuarán co que corresponde a Esteiro. No segundo semestre continuarase a última fase cos campus de Elviña e A Zapateira.
- Reuniuse a Comisión de Seguimento do convenio co Banco Santander correspondente ao ano 2017 e deuse conta das actividades realizadas. Foi o ano co maior número de actividades presentadas.
- O pasado 6 de marzo 120 persoas asistiron no CUR á conferencia titulada Cambio Climático enmarcada no Programa educando para a sustentabilidade en colaboración coa Fundación Alcoa. O Programa educando para a sustentabilidade continuou o día 13 na Facultade de Ciencias da Educación coa asistencia de case douscentos alumnos e o día 15 realizouse a presentación oficial na Sala de Prensa da Reitoría. Este é un programa que está recibindo moi boa acollida entre todos os asistentes ás Xornadas. Continuaron as Xornadas de Bioconstrución.
- Imputacións e validacións de expedientes de gasto

Imputacións: Total imputado: 454 518,53€

Validacións: Total validado: 1 733 065,94€

A **vice-reitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, Araceli Torres**, informou dos seguintes asuntos:

- O día 14 de marzo, dentro das actividades desenvolvidas para conmemorar o Día Internacional das Mulleres, púxoselle ao salón de actos do campus de Ferrol o nome de Concepción Arenal.
- Puxéronse en marcha dúas iniciativas destinadas á proxección exterior do campus de Ferrol: baixo o nome «Ferrol Universitario» vanse realizar tres visitas guiadas ao campus, coas que lle queremos dar a coñecer á cidadanía non só o noso patrimonio arquitectónico e de natureza senón tamén mostrar o traballo de investigación que se fai nos laboratorios e talleres. A primeira destas visitas realizouse o pasado mércores e (a pesar da intensa choiva!!) resultou moi interesante para as persoas que participaron nela. As próximas visitas están previstas para os días 21 de abril e 26 de maio. Tamén se convocou o concurso «Humanísimos» dirixido a estudantes de secundaria e bacharelato de Galicia coas modalidades de microrrelatos, monólogos e fotografía de biblioteca. A información completa destes concursos pódese ver na páxina web do Campus Industrial.

Finalmente, o **xerente** informou tamén de diversos asuntos:

- Da publicación o pasado día 21 de marzo na web da Universidade da Instrución da Xerencia en relación coa entrada en vigor da Lei 9/2017 de contratos do sector público. É unha instrución que, debido ás circunstancias deste período, pretende; como se di na súa introdución, «...con carácter transitorio e mentres non se poidan implementar todos os requirimentos técnicos e de planificación definidos na lei...», favorecer na medida do posible a continuidade da actividade de realización de obras, a adquisición de bens e a contratación de servizos no ámbito da Universidade da Coruña. Por ese motivo, e atendendo ás novidades que se produciron en forma de ditames das xuntas consultivas de contratación administrativa, intervencións doutriniais, de instrucións doutros ámbitos do sector público, nomeadamente doutras universidades, co fin de se adaptar ao anterior, no mes de abril publicárase unha nova que tentará recoller o mellor das medidas adoptadas por outras entidades.

Neste punto tomou a palabra o reitor para informar de que o día 23 de abril haberá unha reunión da Mesa de Secretarios Xerais da CRUE co MECED. Referiuse á existencia dunha intensa cooperación entre as universidades, intercambiando experiencias e boas prácticas.

- Canto ao mapa de competencias, informa de que na Xerencia se vén traballando na preparación do Mapa de Competencias dos postos de traballo de administración e servizos da Universidade da Coruña. O obxectivo é acadar unha definición das funcións ou coñecemento das competencias que se desenvolven en cada un dos postos desta universidade. O documento en que se recollerá esa definición é o Mapa de Competencias. No proceso de elaboración do Mapa de Competencias, nos vindeiros días, persoas do grupo de traballo poñeranse en contacto con responsables da Administración de centros e con persoas que están en xefaturas de servizo coa finalidade de procurar a súa colaboración e explicar o obxectivo. A elaboración do Mapa de Competencias, teoricamente, permitirá deseñar e planificar a política de persoal mediante o traslado dese coñecemento á relación de postos de traballo, aos procesos de provisión e aos de selección.

2. Aprobación da acta da sesión do 28 de febreiro de 2018

Foi aprobada por unanimidade, corrixindo a gralla indicada polo profesor Pérez Valcárcel (substituír ETSA por EUAT).

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo III**, que nesta ocasión son 1 convenio marco, 7 convenios específicos e 60 convenios para prácticas e que son aprobados sen votos en contra.

4. Acordo das universidades do SUG sobre o procedemento de admisión aos estudos universitarios oficiais de grao e proposta de táboas de ponderacións do SUG 2018-19

A proposta foi presentada pola **vice-reitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria** que salientou os principais cambios como a toma en consideración da segunda lingua estranxeira e novas ponderacións de certas materias para o acceso a determinadas titulacións.

A proposta é aprobada sen votos en contra, segundo figura no **anexo IV**.

5. Proposta de táboas de ponderación do SUG para o curso 2019-20

Presentada pola **vice-reitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria**, a seguir intervén o profesor Luís Hervella para sinalar que os directores dos tres centros de informática galegos propoñen introducir modificacións para o curso seguinte como, por exemplo, que se rebaixe a ponderación de Química e se eleva a de Empresa.

A profesora **Lorenzo Modia** apunta que os cambios propostos por Filoloxía se deben aplicar tamén ás diferentes simultaneidades.

Anxo Calvo manifesta a súa satisfacción pola incorporación das propostas da Confederación de Decanos/as de Económicas e Empresariais (sobre todo polo que atinxe ao bacharelato de ciencia e tecnoloxía) para o curso 2019-20. O reitor esclarece que a aplicación dos cambios non se podía adiantar porque os alumnos/as de 2º de bacharelato xa fixeran a súa escolla en atención ás titulacións a que querían acceder.

A **vice-reitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria** propón aprobar esta proposta sen prexuízo de que no próximo Consello de Goberno se introduzan os cambios solicitados polos directores/as dos centros de informática.

Manuel Peralbo anuncia que, aínda que a Facultade de Ciencias da Educación non fixo alegacións, desde ese centro van realizar propostas de modificación. O reitor, logo de lembrar que as táboas son comúns para as tres universidades do SUG, comprométese a incorporalas.

A proposta, que figura como **anexo V** apróbase sen votos en contra.

6. Proposta de modificación do Regulamento de cursos de extensión universitaria

Presentada pola **vice-reitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria**, que explica que na Comisión de Extensión Universitaria do 16 de marzo se decidiu incluír no Regulamento de cursos de extensión universitaria o seguinte parágrafo: «*Os cursos de extensión universitaria están enfocados á difusión do coñecemento dos integrantes da comunidade universitaria da súa rama de coñecemento ao resto da comunidade universitaria e á sociedade en xeral. Por tanto, o 60 % do curso de extensión universitaria deber ser impartido por membros da UDC*».

A profesora Sonia Souto alude ao caso dun docente de Fisioterapia que quería organizar un curso de verán de 15 horas impartidas por un docente de fóra da UDC que non ten cabida no regulamento.

A **vice-reitora** sinala que contratar a unha persoa allea á UDC para impartir un curso na nosa universidade non encaixa co concepto de curso de extensión universitaria. O reitor di que os cursos de extensión universitaria son organizados pola UDC para aproveitar a capacidade formativa do noso profesorado, e non outra cousa.

Moisés Canle, pola súa parte, intervén para lembrar que o artigo primeiro do regulamento xa indica que os cursos deben acaer dentro da visión, misión e valores da UDC. A vice-reitora sinala que esa é a valoración que ten que realizar a Comisión de Extensión Universitaria.

A proposta que figura como **anexo VI** foi aprobada sen votos en contra.

7. Proposta de límite de prazas das titulacións de grao e mestrado universitario para o curso 2018-19

A **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente** presenta a proposta explicando que a lixeira baixada procura adecuar a oferta á demanda.

Anxo Calvo intervén sobre as simultaneidades Empresa-Arquitectura Técnica e Empresa-Turismo que fican en só 25 prazas. A vice-reitora explica que inicialmente só se marcaran 15 porque os estudantes estaban a entrar cunha media baixa, segundo a Consellaría de Educación. Anxo Calvo indica que o que acontece é que logo a CIUG envía 45 estudantes onde inicialmente só había 25 prazas cos problemas resultantes. Intervén o reitor dicindo que se a Consellaría de Educación e OU fose restritiva quedarían prazas sen cubrir e lembra que se trata –a de Turismo– dunha simultaneidade que rexistra moitas baixas. Conclúe que o obxectivo da UDC non é subir a nota de corte senón ofrecer titulacións atractivas para a sociedade.

A **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente** apunta que a Consellaría non gusta de simultaneidades, agás as que teñan poucos alumnos e unha nota de corte elevada.

A proposta apróbase sen votos en contra, segundo figura no **anexo VII**.

8. Proposta de modificación da RPT do PAS da UDC

Presentada polo **xerente**, foi aprobada sen votos en contra, segundo figura no **anexo VIII**.

9. Proposta de modificación do Protocolo de actuación por violencia psicolóxica ou física no traballo

A proposta, que figura como **anexo IX**, foi presentada polo **xerente** e aprobouse sen votos en contra.

10. Proposta de cambio de denominación do Departamento de Ciencias Biomédicas, Medicina e Fisioterapia

Toma a palabra o **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** para sinalar que só se somete ao Consello de Goberno o cambio de denominación solicitado polo departamento. Lembra que o asunto foi tratado no momento de crear os novos departamentos e que se registrou na altura un debate intenso en que se concluíu que a visibilidade da fisioterapia se produciría a través do centro e non do departamento. Propón rexeitar a proposta.

A seguir intervén **Sonia Souto** sinalando que cómpre diferenciar entre a CEPREA e a denominación dos departamentos, que foi proposta polo equipo de goberno. Daquela, no Consello de Goberno, ela mesma manifestou que non houbera debate previo nin tampouco acordo sobre a denominación do departamento. Lembra que se dixera que a denominación podería ser modificada no futuro por iniciativa dos departamentos. No caso do departamento solicitante, a discusión sobre o regulamento de réxime interno derivou nun debate sobre a denominación do órgano, froito do cal é a proposta sometida ao Consello de Goberno. Defende que a proposta reflicte a pluralidade das áreas e, ao tempo, o peso

específico de cada unha delas. Por iso non entende as razóns do equipo do goberno para se opor á proposta, máxime cando non existe oposición doutros centros ou departamentos, tal e como se desprende dos informes dos centros afectados. Finaliza dicindo que se trata dunha proposta apoiada pola maioría dos membros do Consello, en que non se rexistraron votos en contra.

María José Sanmartín intervén para concordar coa profesora Souto ao dicir que, logo de ler a acta da sesión do Consello de Goberno en que se debateu sobre a denominación dos departamentos, considera que daquela se afirmara que nada se opuña a que, unha vez xa constituídos os departamentos, puidese mudar a denominación inicial. Manifesta o seu apoio á proposta.

O profesor **Pérez Valcárcel** di que se non hai ningún prexudicado non hai motivos para se opor á proposta. María Luz González Doniz coincide con el: á vista dos informes dos centros (un favorable e dous que non se manifestan respectando a proposta do Consello de Departamento) non acceder ao solicitado sería unha decisión arbitraria.

Susana Ladra afirma no mesmo sentido que a denominación dos departamentos foi realizada de forma precipitada. Por iso, unha vez formados os departamentos, debería respectarse a denominación que cada un deles decida.

Nona Inés Vilariño pregúntase por que se di que a denominación proposta reflicte mellor o peso da área de fisioterapia que a existente? Ao seu ver, iso non depende do número de profesores. Con todo, se tal é a vontade do departamento, anuncia que ela non se oporá.

Toma a palabra o **reitor** para lembrar que a decisión é competencia do Consello de Goberno, nin do departamento nin tampouco do equipo de goberno. O que este fixo – di – foi analizar a solicitude e someter unha proposta ao Consello de Goberno. O cambio na orde, pois iso é o que se propón, fundada simplemente na existencia de máis profesores dunha determinada área, non semella unha decisión baseada en criterios académicos (con todo o que vai supor: cambios nas bases de datos etc.). E, en calquera caso, a única área que, xa agora, aparece expresamente na denominación é a fisioterapia. Lembra tamén que na CEPREA se debateu acerca non só dos departamentos senón tamén sobre os centros e a súa fusión. Malia contar con maioría nos centros, o proceso de fusión non foi adiante pola oposición de fisioterapia. Conclúe lembrando que a decisión lle corresponde ao Consello de Goberno e solicita que se adopte con criterios académicos, puntualizando que os centros e departamentos non se manifestaron en ningún sentido.

Sonia Souto considera pouco universitario afirmar que a orde dos substantivos carece de importancia. Sobre os números, indica que fisioterapia non só ten a maioría dos profesores senón tamén o maior encargo docente. Pregúntase se, para o reitor, só se traduce nunha cuestión instrumental como cambiar o asento nunha base de datos. A decisión é do Consello de Goberno, mais a intervención do vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente deixou clara a posición do equipo de goberno. Acaba pedindo respecto polo profesorado de fisioterapia.

Responde o **reitor** para sinalar que, desde o máximo respecto polo profesorado de fisioterapia, o número de profesores é a única razón aducida polo Consello de Departamento en favor do cambio. Para o equipo de goberno sería máis cómodo non tomar partido, mais iso non sería congruente coas decisións adoptadas na CEPREA. Sexa

como for, o equipo de goberno respectará e aplicará a decisión que o Consello de Goberno adopte.

Sonia Souto di non comprender a mestura que o vicerreitor realiza entre CEPREA e denominación dos departamentos. Na altura da CEPREA, habendo dúas denominacións enriba da mesa, o equipo de goberno escolleu a realizada polo Departamento de Medicina no canto da formulada polo de Fisioterapia consistente en xuntar os dous nomes: fisioterapia e medicina. Baralláranse outras propostas, mais ao cabo, o conxunto de membros do Consello do Departamento manifestou o seu acordo cunha denominación en que todas e todos se vían representados. Remata solicitando o apoio do Consello de Goberno á súa proposta.

O **reitor** volve intervir para afirmar que a posición do equipo de goberno se funda en razóns e está aberta aos argumentos expostos no debate.

Sometida a votación a proposta de cambio de denominación foi aprobada por 12 votos a favor, 6 en contra e 16 abstencións, segundo figura no **anexo X** co cal a súa nova denominación é a de Departamento de Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas

Logo da votación, **Nona Inés Vilariño** toma a palabra para manifestar que segue sen entender a importancia dun asunto como o debatido.

11. Proposta de creación de seccións departamentais no departamento de Ciencias Biomédicas, Medicina e Fisioterapia

Presentada polo **vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente**, a proposta de creación das seccións departamentais de Fisioterapia e Medicina do devandito departamento, foi aprobada, segundo figura no **anexo XI**.

12. Proposta de creación de seccións departamentais no departamento de Psicoloxía

Presentada polo **vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente**, a proposta foi aprobada segundo figura no **anexo XII**.

13. Proposta de convocatoria de prazas de corpos docentes universitarios

A proposta de tres prazas de profesorado titular de universidade, que figura como **anexo XIII** da presente acta foi presentada polo **vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente** e aprobada sen votos en contra.

14. Proposta de convocatoria de prazas de PDI contratado

A proposta dunha praza de profesorado contratado doutor na Facultade de Filoloxía foi presentada polo **vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente**, e aprobada segundo figura no **anexo XIV**.

15. Proposta de autorización de licenzas de PDI

Presentada polo **vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente**, a proposta foi aprobada sen votos en contra, segundo figura no **anexo XV**.

16. Proposta de Normativa de dedicación do PDI universitario

Esta proposta foi presentada polo **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** que, de xeito resumido, expuxo as razóns seguintes:

- O seguimento e a análise dos efectos da aplicación da actual normativa por parte da Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente e a COAP ao longo de 2017, levou á conclusión de que, tras se acadar o teito de gasto do capítulo I, non se pode aplicar gran parte das reducións que estaban nela previstas. A normativa vixente estaba pensada para contrarrestar o Real decreto lei 14/2012 (polo que o ministro José Ignacio Wert introducía modificacións na Lei orgánica de universidades-LOU), mais na práctica o que fixo foi incrementar as diferenzas entre o PDI.
- O 5/12/2017, na Mesa Sindical de representación do PDI, a parte social presentou un escrito en que se solicitaba retornar á situación previa ao Real decreto lei 14/2012, e tomar como base da negociación o borrador do proxecto de Estatuto do PDI que fora proposto polo anterior Goberno do Estado. A Vicerreitoría realizou unha proposta que integrase non só a docencia estrutural (nos termos do Plan de financiamento do sistema universitario de Galicia-PFSUG) senón tamén outras actividades como a dirección de Traballos de Fin de Grao (TFG) e Traballos de Fin de Mestrado (TFM) ou a docencia en inglés, co fin de as estabilizar por medio da súa incorporación ao plan docente anual (PDA).
- Ao longo do mes de xaneiro de 2018 chegou á conclusión de que o Real decreto lei 14/2012 (incorporado á LOU na nova redacción do art. 68) tiña que ser aplicado por ser unha lei en vigor. Por iso se presentou, partindo da base da dedicación prevista no art. 68 LOU, unha nova proposta e un calendario de negociación. Fixéronse propostas e simulacións, destacando particularmente dúas: (a) o modelo de 8,5 horas por crédito ECTS, co resultado de que obrigaba a eliminar calquera outra redución e, con elas, os incentivos para a realización de tarefas necesarias para a xestión da UDC; (b) reducir o límite máximo de 300 a 240 horas, o cal tampouco resultaba viable.

Porén, cando xa se estaban a discutir cuestións de detalle e se acadaran acordos concretos, de forma inesperada, a parte social decidiu por unanimidade apoiar o mantemento da normativa en vigor para o curso 2018-19 en tanto se negocia unha norma nova.

É por iso que se somete ao Consello de Goberno esta proposta, prorrogar a normativa vixente, na medida en que esta xa contén mecanismos que permiten responder ás dificultades orzamentarias. As únicas alteracións que se introducen son as relativas ao ano académico e á denominación da ANEP.

Nona Inés Vilariño anuncia a súa abstención logo de recibir innúmeras propostas, moitas delas contraditorias entre si.

Logo da presentación, intervén **Moisés Canle** para anunciar o seu voto negativo xa que non se pode seguir cunha norma que provoca «micro-contratacións». Lembra que a media de idade do PDI indica que en 15-16 anos a maior parte se terá que xubilarse. Chama a pensar na supervivencia da institución e a reflexionar: se só por quinquenios se reducen 18 000 h, cantos axudantes poderían ser contratados? É de supor que na Xunta de Galicia estarían contentos vendo como nós mesmos imos pechando a universidade. Finalmente, parécelle criticable que aos membros do Comité de Ética non se lles recoñeza ningún desconto.

Natalia Álvarez Lata considera unha mágoa que non se puidese acadar un acordo. Agradece os esforzos do vicerreitor e lembra que na Facultade de Dereito a maioría dos profesores presentes na charla que alí deu estiveron de acordo coas propostas do reitor. Solicita que a redución ligada á docencia en inglés non se limite só a tres anos, senón que se amplíe.

Luís Hervella tamén solicita a ampliación da redución por docencia en inglés. Preocúpalle que esta normativa se converta, na práctica, en papel mollado á vista da condicionalidade financeira que figura na disposición final. Pregunta se vai ser a COAP o órgano que deba decidir, caso por caso, cando se vaian aplicar as reducións solicitadas. Manifesta o seu temor porque se reduza a calidade docente como consecuencia das limitacións orzamentarias e advirte do risco de desincentivar a investigación.

Anxo Calvo expresa tamén a súa sorpresa, negativa, ante o que considera unha oportunidade perdida. Agradece o traballo do vicerreitor e di que se ben todos sabemos aquilo do que non gustamos non somos capaces de decidir que é aquilo do que gustamos, talvez como resultado das situacións tan distintas que hai na universidade. Por iso afirma que, aínda sendo decepcionante, a proposta é un mal menor. Dito iso, súmase á proposta de ampliar as reducións ligadas á docencia en inglés porque, en caso contrario, todo o esforzo realizado pode ser inútil. Finalmente, pide unha reflexión profunda acerca do modo en que certos maximalismos fan imposible o acordo.

O profesor **Pérez Valcárcel** chama a atención sobre a insuficiente valoración dos TFG e TFM e as avaliacións. Coincide en que algunhas reducións se poderían revisar –tanto á alza como á baixa– e do mesmo xeito que non apoiou a norma anterior manifesta que tampouco vai apoiar esta.

Fernanda Miguélez toma a palabra indicando en primeiro lugar que non fala como representante das forzas sindicais, mais vai utilizar información da Mesa Sindical xa que ela forma parte desta. Expressa que a negativa de apoio á normativa presentada polo vicerreitor, polo menos da súa forza sindical, foi motivada pola ausencia de datos que apoiasen as medidas que a normativa pretendía tomar. Pedíuselle en repetidas ocasións ao vicerreitor que se lles aplicase a algúns departamentos grandes de distintos ámbitos e que se presentasen os resultados para comprobar os efectos desta normativa. Eses datos non foron achegados e por tanto considera que non debían apoiar normas das que non coñecen os efectos reais que producen. Recordada que o reitor e o seu equipo poden someter ao Consello de Goberno as propostas que consideren mellores para a Universidade e que, de feito, se aprobaron neste consello medidas que non foran aprobadas na Mesa Sindical. Lémbbralles, ao reitor e ao seu equipo, que se está tan convencido de que a súa normativa é mellor, que a someta a este Consello e nos convenza aquí diso. E que el e o seu equipo son os únicos responsables do que se somete a este Consello.

Respóndelle ao profesor Canle que ela mesma foi quen propuxo a redución por quinquenios e que a proposta ía encamiñada a que esas reducións fosen aplicadas unicamente ao profesorado maior de certa idade coa intención de que esas horas se dedicasen á contratación de axudantes que renovasen a área/departamento. Curiosamente a redución chegou ao Consello de Goberno para ser aplicada ao conxunto do profesorado.

Afonso Castro, respecto dos quinquenios afirma que a postura da representación sindical é a expresada por Fernanda Miguélez. Lembra que non toda a xente envellece igual. Agradece a vontade do equipo de goberno de seguir a negociar aínda que para iso haxa que elaborar un novo calendario.

O **reitor** intervén dicindo que toda a xente concorda en que a norma actual debe ser cambiada, mais somos incapaces de acordar en que sentido. O principal problema do Decreto Wert é que introduce enormes diferenzas entre o PDI. Por iso a proposta do equipo de goberno, partindo da normativa vixente, fixaba un número máximo e mínimo de horas de actividade na aula. Asume que é necesario ampliar o recoñecemento da docencia en inglés, mais o problema é como facela sustentable. Tamén como gañamos marxe de actuación para podermos rexuvenecer o noso PDI. A respecto dos quinquenios lembra que as 18.000 horas de redución están repartidas entre todas as áreas, o que provoca necesidades docentes e a contratación de profesorado precario. Anuncia que a disposición final de condicionalidade financeira agora vai ser aplicada. E indica que o problema non foi só dos sindicatos, porque tampouco houbo acordo na COAP. Sobre os TFG informa que a redución por ese concepto chega a 20 000 horas. Non pode ser, sinala, que se consuman máis horas cos TFG que as que antes se consumían co profesorado específico que antes había na ETSAC para realizar os proxectos. Na UDC danse 6 horas por un TFG de 6 créditos mentres nas outras universidades do SUG dan 4. Hai que transmitir que así non se pode seguir, a dedicación media do PDI na UDC é de 170 horas lectivas. Pedímoslles ás organizacións sindicais unha normativa máis equilibrada e máis fácil de aplicar para evitar, precisamente, os agravios comparativos a que se referiu o profesor Hervella. Aínda que non nos guste, temos que someter esta normativa ao Consello e teremos que a aplicar con rigor. Ao facelo tentamos evitar conflitos de lexitimidades entre a mesa sindical, a COAP e o propio Consello de Goberno.

O **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** lembra que o PDI a tempo completo ten 1680 horas anuais de dedicación total, mais só nos fixamos na dedicación docente para establecer as reducións. Para un TFG de 6 créditos propoñiamos 6 horas de titoría e 4 horas para a dirección. Acaso iso non é suficiente para titorizar un TFG que, non se esqueza, é un traballo de investigación? Ao seu ver, o gran problema resúmese na frase: «que vai facer a UDC con todas as horas que vai gañar cos recortes?». A resposta é doada: o que se quere facer é política de profesorado, rexuvenecer e captar talento novo. Sobre a disposición final de condicionalidade financeira sinala que a COAP non terá que decidir caso por caso xa que é a propia norma a que dá a pauta (p. ex., facendo que os quinquenios non se tomen en conta para novas contratacións). Con todo, se a normativa fose aplicada incondicionalmente estaría en risco a política actual de estabilización e promoción do profesorado da UDC. Canto á docencia en inglés propón eliminar a limitación a tres anos (tamén na PDA).

Natalia Álvarez aplaude a medida xa que se trata, o do profesorado con docencia en inglés, dun colectivo moi concreto e sen posibilidade de substitución.

O **reitor** toma a palabra para recoñecer que calquera normativa nova, en contraste cunha norma tan xenerosa como a actual, vai supor limitar as reducións. E iso non se pode vender como recorte. Reivindica como sensata e coherente a última proposta formulada polo equipo de goberno. Porén, agora toca rigor na aplicación desta normativa e na elaboración da PDA. Con todo, lembra que a UDC foi quen de manter o cadro de persoal

durante a crise e de levar adiante unha política ambiciosa de estabilización e promoción do PDI, mesmo sendo a universidade peor financiada do SUG.

Fernanda Miguélez volve tomar a palabra para contestar á pregunta formulada polo reitor: Quen pensa na institución?, acusando as forzas sindicais de que elas sexan as responsables de que a súa proposta non fose adiante. Lébralle ao reitor que foi elixido para velar e dirixir a institución e que a responsabilidade das súas decisións non é compartida con ninguén, ou polo menos, non cos responsables sindicais.

Luís Hervella sinala que a COAP non discutiu ningunha normativa que non fose a vixente. Que só houbo unha reunión informal da que se podería deducir unha certa coincidencia coa proposta do equipo de goberno, mais só iso e máis nada.

María José Sanmartín di que non se pode votar unha proposta que non pasou pola COAP e que non é coñecida polo Consello de Goberno. Sobre os profesores que imparten menos de 120 horas de docencia presencial di que hai que ver cal é a súa actividade investigadora.

O **reitor** matiza que as 120 horas son para quen non ostente cargos académicos. Mais hai PDI sen cargos con menos de 120 horas. Isto, engade, non é unha pelexa entre quen investiga e quen non o fai. Do que se trata é de acadarmos un acordo para definir que se entende por actividade na aula para podermos facer unha proxección minimamente estable das nosas necesidades de profesorado. É precisa unha visión integral da actividade de cada PDI mais tamén da universidade no seu conxunto. A situación actual, conclúe, é insostible.

Sometida a votación, a proposta foi aprobada por 24 votos a favor, 2 en contra e 3 abstencións, segundo figura no **anexo XVI**.

17. Proposta de procedemento para a elaboración do PDA para o curso 2018-19

Presentada polo **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente**, a proposta, que figura como **anexo XVII**, foi aprobada sen votos en contra.

18. Proposta de Regulamento do Comité de Ética da Investigación e da Docencia da UDC

Presentada polo **vice-reitor de Política Científica, Investigación e Transferencia**, a proposta de regulamento, que figura como **anexo XVIII**, foi aprobada coa incorporación dunha proposta de **Nona Inés Vilariño** de redacción do artigo 7.5 que engade o inciso «para os efectos que procedan».

19. Quenda aberta de intervencións

Ninguén solicita intervir e ao non haber máis asuntos que tratar, o reitor remata a sesión ás 13:22 h, do que eu, como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.